4. Realizaranse cursos formativos en materia de igualdade no deporte que abranguerán a todas as entidades públicas e ás distintas federacións deportivas. Así mesmo, suxeitaranse todo tipo de axudas públicas e patrocinios á realización deste tipo de cursos, por parte de entidades estritamente privadas que desenvolvan actividades deportivas.

5. A Xunta de Galiza realizará campañas periódicas de concienciación nesta materia nos medios públicos e privados, alertando sobre condutas machistas no deporte e

CSV: REXISTRO-uyO5RD6jf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destinaranse, de modo especial, á mocidade. Así mesmo, realizaranse campañas periódicas informativas sobre igualdade de xénero e diversidade sexual xunto cos valores do respecto e da cooperación, como valores básicos en materia deportiva.

6. As federacións deportivas galegas deberán realizar un informe anual en materia de igualdade, que terá por obxecto a avaliación do impacto de xénero das medidas impulsadas, así como a análise do discorrer das competicións organizadas. Este informe deberá ser presentado na dependencias da Xunta de Galiza con competencias en materia de igualdade e de deporte, co fin de que sexan tidos en conta á hora de artellar as correspondentes políticas públicas na materia.

7. A Xunta de Galiza, adoptará aquelas medidas pertinentes para garantir unha retransmisión mediática sobre competicións deportivas, libre de calquera tipo de cousificación e/ou estereotipos sexistas.

8. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza garantirá a igualdade entre os premios financiados total ou parcialmente con fondos públicos. A referida igualdade abranguerá tanto á cantidade económica entregada como premio, como á proxección mediática do galardón.

9. A Xunta de Galiza garantirá o equilibrio na retransmisión deportiva da CRTVG – incluídos os informativos e os eventos deportivos- entre as competicións masculinas e femininas das diferentes disciplinas deportivas.

10. A Xunta garantirá a igualdade de remuneración entre homes e mulleres deportistas cando o traballo efectuado por uns e outras fose o mesmo.

CSV: REXISTRO-uyO5RD6jf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

11. Os poderes públicos garantirán que o ensino deportivo en Galiza se imparta desde unha perspectiva de xénero, tanto nas etapas de educación obrigatoria como as non obrigatorias.

Artigo 168. Medidas de promoción e conciliación do deporte feminino en Galiza.

1. A Xunta de Galiza creará plans de conciliación familiar para todas as persoas deportistas profesionais, en evitación de escollas forzadas pola disxuntiva xerada entre continuar coa carreira deportiva ou a crianza de fillas/os ou persoas ao seu cargo.

2. A Xunta de Galiza artellará as medidas adecuadas para garantir os dereitos laborais de todas aquelas mulleres que decidan exercer a maternidade, sen que esta decisión poña en risco o seu traballo como deportistas profesionais.

3. A Xunta de Galiza, destinará as correspondentes partidas orzamentarias suficientes para levar a cabo medidas de promoción, mellora e incremento do deporte feminino galego.

4. A Xunta de Galiza condicionará as axudas públicas destinadas aos clubs e federacións deportivas, ao cumprimento dos preceptos de igualdade preceptuados nesta lei.

5. A Xunta de Galiza impulsará as selección galegas femininas , estendéndoas a todas as categorías, incluída a sénior.

6. A Xunta de Galiza comprometerase a subvencionar unha parte da cota federativa das mulleres deportistas integradas no ámbito rural, en compensación polas eivas e/ou dificultades engadidas, derivadas do lugar onde está radicada a súa morada e que as discrimina respecto das persoas deportistas residentes en ámbitos urbanos.



CSV: REXISTRO-uyO5RD6jf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. A Xunta de Galiza favorecerá o apoio económico e xurídico aos clubs exclusivamente femininos con bolsas de axuda capaces de garantir a competición en condicións de igualdade respecto ao resto de clubs.

**Disposicións Adicionais**

Primeira. Para dar cumprimento ao preceptuado no apartado 1 do artigo 166 da presente lei, a Xunta, nun prazo de seis meses, a contar desde a súa entrada en vigor, aprobará o correspondente regulamento de creación, composición e funcionamento da Comisión Galega da Igualdade no Deporte. A antedita creación asegurarase a través do orzamento suficiente para o cumprimento dos seus fins.

Segunda. Co obxectivo de dar cumprimento ao establecido no apartado 4 do artigo 166, no prazo de seis meses, a contar desde a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galiza creará unha unidade ou sección especializada en materia de igualdade no deporte, incluída no Observatorio Galego da Violencia de Xénero. O artellamento da antedita unidade ou sección estará suficientemente orzamentada.

Así mesmo, no mesmo prazo, ditará o regulamento correspondente para o funcionamento da referida unidade ou sección, conforme os obxectivos definidos no artigo 166 desta lei.

Terceira. A Xunta de Galiza, dentro do prazo de seis meses, contados a partir da entrada en vigor desta lei, elaborará un Plan para a Igualdade no Deporte, debidamente orzamentado. Este Plan será obxecto de seguimento e avaliación, con periodicidade anual.

CSV: REXISTRO-uyO5RD6jf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cuarta. Co obxectivo de dar cumprimento ao preceptuado no presente texto legal, a Xunta de Galiza, condicionará o destino de fondos públicos para o deporte -subvencións e patrocinios- á realización de cursos e demais actuacións formativas en materia de igualdade.

**Disposición Derrogatoria**

Única. Quedan derrogadas cantas disposicións normativas se opoñan ao presente texto legal.

**Disposicións finais**

Primeira. Habilitación regulamentaria

Facúltase á Xunta de Galiza para ditar cantas disposicións regulamentarias foren precisas para o adecuado desenvolvemento desta norma.

Segunda. Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.

CSV: REXISTRO-uyO5RD6jf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 13:06:15
Nº Rexistro: 2200
Data envio: 19/04/2024 13:06:15.215

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2012, DO 2 DE ABRIL, DO DEPORTE DE GALIZA**

- Artigos 9.3; 10; 14; 43.3 e 148. 19ª da Constitución española de 1978.

- Artigos 4.1 e 2, así como o artigo 27.22 Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981.

- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galiza.

- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno.

- Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

- Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galiza.

- Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza.

- Decreto 63/2018, do 31 de maio, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia.

- Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galiza

CSV: REXISTRO-uyO5RD6jf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 13:06:15
Nº Rexistro: 2200
Data envio: 19/04/2024 13:06:15.215

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

- Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

-Decreto 171/2021, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

- Decreto 157/2012, de 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRO-uyO5RD6jf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 13:06:15
Nº Rexistro: 2200
Data envio: 19/04/2024 13:06:15.215

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2024 13:05:51**

CSV: REXISTRO-uyO5RD6jf-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2024 13:22:51
Nº Rexistro: 3064
Data envío: 03/05/2024 13:22:51.812
Data 03/05/2024 13:22

Ref: mv

En resposta a escrito dese Parlamento, achégolle copia do informe de impacto de xénero emitido pola Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, relativo á proposición de lei **de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia,** formulada polo grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. Núm. 2200).

Deste xeito dáse cumprimento ao preceptuado no *artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade*.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 03/05/2024 13:22:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2024 13:22:51
Nº Rexistro: 3064
Data envío: 03/05/2024 13:22:51.812

XUNTA DE GALICIA

# INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO A PROPOSICIÓN DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2012, DO 2 DE ABRIL, DO DEPORTE DE GALICIA, FORMULADA POLO GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (DOC. NÚM. 2200)

**Solicitante**: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

**Expediente**: 38/2024

## ANTECEDENTES DE FEITO

1. O día 19 de decembro de 2023, a Secretaría Xeral da Igualdade emite un informe de impacto de xénero relativo á proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. Núm. 62695). Informe 189/2023.
2. O día 22 de abril de 2024, a mesa do parlamento de Galicia acorda dispoñer o traslado á Xunta de Galicia da proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para que se emita o informe previsto no artigo 22 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

Servizo de Apoio Técnico-Administrativo
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE
Complexo Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
981 545 362
xestion.igualdade@xunta.gal
igualdade.xunta.gal

CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2024 13:22:51
Nº Rexistro: 3064
Data envio: 03/05/2024 13:22:51.812

3. O día 25 de abril de 2024 a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias remite a este órgano a solicitude de informe impacto de xénero sinalada no punto anterior.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A igualdade de dereitos entre mulleres e homes é un piar fundamental nas sociedades democráticas modernas, recoñecido en todos os niveis normativos.
2. A nivel internacional:

   - Declaración universal dos dereitos humanos da ONU (1948). En concreto, o seu artigo 2.

   - Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, aprobada pola Asamblea Xeral de Nacións Unidas en decembro de 1979.

   - Conferencias mundiais monográficas, organizadas polas Nacións Unidas, como a de Nairobi de 1985 e Beijing de 1995.

   - Convenio da Organización Internacional do Traballo (OIT) número 190 sobre a eliminación da violencia e do acoso no mundo do traballo.

   - Na Axenda de desenvolvemento sustentable 2030, atópase o obxectivo de desenvolvemento sustentable (ODS) 5, relativo á igualdade de xénero e apoderamento de todas as mulleres e nenas.
3. No ámbito europeo:

   - O Tratado Constitutivo recolle no artigo 2, como unha das misións da UE, a igualdade entre mulleres e homes. No artigo 3.2 introduce a transversalidade ao sinalar que "*En todas as actividades contempladas no presente artigo, a Comunidade fixarase o obxectivo de eliminar as desigualdades entre o home e a muller e promover a súa igualdade*"

   - O Tratado de Funcionamento da UE, dispón no seu artigo 10 que a Unión tratará de loitar contra toda discriminación por razón de sexo, raza



CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ou orixe étnica, relixión o conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual. E tamén recolle a transversalidade no artigo 8 cando indica que en todas as accións se fixará o obxectivo de eliminar as desigualdades entre homes e mulleres e promover a súa igualdade.

4. En España:

   - A Constitución Española de 1978, recoñece no seu artigo 14 o principio de igualdade formal e non discriminación por razón de sexo, entre outras condicións. E no artigo 9.2, o principio de igualdade material ao sinalar que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

   - A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes desenvolve o sinalado no parágrafo anterior. E establece, entre outras cousas, o mandato de transversalidade nos seus artigos 14 e 15.

5. En Galicia:

   - O Estatuto de Autonomía recolle no artigo 4 o principio de igualdade formal e material.

   - En desenvolvemento do anterior, aprobouse a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (en adiante, Lei 7/2023).

6. Esta lei, recolle no Capítulo I do Título II, a transversalidade da dimensión de xénero. Dentro deste capítulo:

   - O artigo 20 establece a integración da dimensión da igualdade de trato e de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

   - O artigo 22 di o seguinte:



CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*"Artigo 22. Informe sobre o impacto de xénero na elaboración das leis*

*1. Os proxectos de lei presentados no Parlamento de Galicia pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade entre mulleres e homes.*

*Para estes efectos, a consellaría encargada da súa tramitación deberá trasladar o texto proxectado, xunto cunha análise do seu impacto de xénero, ao citado órgano.*

*2. As proposicións de lei presentadas no Parlamento de Galicia deberán ser remitidas, antes da súa discusión parlamentaria, á Xunta de Galicia, para que esta emita o informe de impacto de xénero a que se refire o número anterior. De o informe non ser emitido no prazo dun mes, a proposición de lei seguirá a súa tramitación."*

7. O obxecto da proposición de lei é a modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, para incluír un novo Título X coa finalidade de promover e mellorar as condicións laborais das deportistas e contribuír a erradicar actitudes e comportamentos que perpetúan o sexismo e a LGBTfobia.
8. Á vista de que o contido do texto remitido é o mesmo que o que xa se remitira para a elaboración do informe 189/2023, reprodúcese a continuación o seu contido, tendo en conta que o Decreto lexislativo 2/2015 está derrogado e está vixente a actual Lei 7/2023, pero que non afecta ao contido do dito informe.

*"INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA NORMA*

1. *O artigo 29 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece no seu artigo 29 que todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre*



CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*mulleres e homes no seu deseño e execución. E, por outro lado, que o goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas ás mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión.*

2. *O artigo 29 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia dispón, á súa vez que "A práctica deportiva e de actividade física en Galicia desenvolverase en termos de igualdade e sen ningunha discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero. Para tal efecto, os poderes públicos colaborarán entre si e coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades, públicas e privadas".*
3. *A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia establece no artigo 3, entre os principios reitores, "O impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva" e no 5.3 que "No exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrarase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitarase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta".*
4. *A mesma Lei, no artigo 152 prohibe, no acceso ao recinto, a introdución de pancartas, bandeiras, símbolos ou outros sinais con mensaxes que inciten á violencia ou en virtude das cales unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da súa orixe racial ou étnica, da súa relixión ou das súas conviccións, da súa discapacidade, idade, sexo ou da orientación sexual. E no artigo 159, cualifica de infracción moi grave "A difusión por medios técnicos, materiais, informáticos ou tecnolóxicos vinculados á información ou ás actividades deportivas de contidos que promovan ou lle dean soporte á violencia, ou que inciten, fomenten ou axuden aos comportamentos violentos ou terroristas, racistas, xenófobos ou intolerantes por razóns de relixión, ideoloxía, orientación sexual ou calquera outra circunstancia persoal ou social, ou que supoñan un acto de*



CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*manifesto desprezo aos participantes na competición ou no espectáculo deportivo ou ás vítimas do terrorismo e aos seus familiares".*

5. *Pola súa banda, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que entrará en vigor proximamente, establece no seu artigo 71, determinadas actuacións, entre elas a formación do persoal técnico-deportivo con perspectiva de xénero, o fomento para que as entidades deportivas establezan medias para obter unha representación equilibrada e difundan o emprego dunha linguaxe non sexista nin discriminatoria, ou campañas de publicidade que visibilicen referentes femininos, imaxe positiva das mulleres do deporte, diversificada e exenta de estereotipos. Potenciaranse os eventos en que participen mulleres.*
6. *O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027, xa na aproximación diagnóstica, fai unha análise da situación do deporte e nela pódese ler: "O ámbito do deporte segue a ser unha das esferas nas que se detectan aínda brechas de xénero. Así, a análise destes datos ten relevancia, polas diferentes implicacións que a práctica deportiva comporta para mulleres e para homes: en termos de participación social, como hábito saudable e como reflexo da evolución dos estereotipos imperantes."*

   *En consonancia coa antedita preocupación, no Ámbito 7 do plan (outras políticas sectoriais para o benestar, a cohesión social e o reto demográfico) inclúese a prioridade de actuación 7.5, "Consolidar modelos favorables á igualdade no ámbito da cultura, da comunicación e do deporte"*
7. *No documento "La evaluación de impacto en función de género en deportes", editado por Emakunde-Instituto Vasco de la mujer, establécense unha serie de aspectos clave:*

   *"<u>Presencia de mujeres y hombres en el sector</u>*

   *(...) Según se señalaba en el "Estudio desde la perspectiva de género sobre la situación de las deportistas de alto nivel de la CAPV" (Azurmendi y*



CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2024 13:22:51
Nº Rexistro: 3064
Data envío: 03/05/2024 13:22:51.812

*Murua 2010), las deportistas mujeres se mostraban bastante más preocupadas que los deportistas hombres por la inestabilidad económica derivada de la falta de profesionalización de su deporte y la falta de patrocinios, así como por la situación de desamparo en la que se podían encontrar debido a una lesión grave o la maternidad.*

*(...)*

*<u>Desigualdades en el acceso a recursos</u>*

*(...)*

*- Recursos deportivos: La práctica deportiva de los hombres, especialmente en aquellas modalidades más extendidas, goza de una amplia y prolongada valoración social que comporta su priorización en la distribución de todo tipo de recursos.*

*(...)*

*- Tiempo: : La mayor dedicación de tiempo al trabajo doméstico y al cuidado de niñas y niños por parte de las mujeres, implica que estas dispongan de menos tiempo que los hombres para otras actividades como, por ejemplo, la práctica deportiva.*

*- Trabajo de cuidados: El trabajo de cuidados es indispensable para la sostenibilidad de la vida, por lo que a falta de una mayor corresponsabilidad social por parte de los hombres y de las instituciones públicas y organizaciones privadas, son las mujeres quienes mayoritariamente cargan con la provisión de cuidados, asumiendo dobles o incluso triples jornadas de trabajo que, además de perjudicar su salud y calidad de vida, condicionan su práctica deportiva.*

*(...)*

*- Medios de comunicación: El desigual tratamiento mediático del deporte practicado por mujeres tiene una doble vertiente. Por un lado, la invisibilización desde el prisma de la mirada androcéntrica.*

*(...)*



CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Por otro lado, transmiten estereotipos según los cuales las mujeres sí aparecen, pero bajo representaciones de género que perpetúan el tratamiento desigual.*

*(…)*

*- Salud*

*(…)*

*<u>Desigualdades en la participación de mujeres y hombres</u>*

*La participación de las mujeres en el ámbito deportivo ha sido, y todavía es en la actualidad, menor que la de los hombres*

*(…)*

*<u>Incidencia de las normas sociales y valores</u>*

*La influencia de las normas sociales y los estereotipos es especialmente relevante en el ámbito deportivo ya que como se ha ido viendo en los análisis anteriores, produce y reproduce una marcada segregación horizontal de las prácticas deportivas. Además, el androcentrismo imperante en la práctica y organización deportivas y la falta de reconocimiento social obstaculizan un mayor acercamiento e interés de las mujeres a las prácticas competitivas, así como, el desarrollo de sus trayectorias profesionales y personales en este ámbito (…) La socialización de género de las niñas y niños desde su nacimiento tiene múltiples consecuencias y, entre otras, incide relevantemente en la elección y práctica de determinadas modalidades deportivas por parte mayoritariamente de mujeres u hombres, perpetuando la segregación horizontal (…)*

*La práctica deportiva de mujeres y hombres goza de muy diferente reconocimiento y refuerzo social. Mientras los hombres reciben un importante respaldo familiar, institucional, social y mediático que les empuja a iniciarse, progresar y triunfar en la práctica y competición deportivas, las mujeres deben superar muchos y variados obstáculos para*



CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*acceder, mantenerse y recibir el reconocimiento que se merecen en el mundo del deporte (...)*

*Las motivaciones que impulsan la práctica deportiva de mujeres y hombres son diferentes (...)*

*La centralidad de los deportes competitivos en la organización y la cobertura mediática de eventos deportivos podrían estar detrás del menor interés de las mujeres en su seguimiento (...)*

*Se sigue observando una utilización sexual y sexista de la imagen de las mujeres en el ámbito deportivo a través de los medios de comunicación (...)"*

8. *O estudio "La brecha de género en el deporte: el caso de una marginación histórica y socialmente consentida"*, conclúe dicindo que "*... el aumento de la práctica deportiva por parte de las mujeres no ha conllevado un aumento proporcional de la participación de las mujeres en los estamentos técnicos y directivos (...) A la mujer se le exige más para demostrar que tiene las capacidades y habilidades suficientes para participar en el deporte y alcanzar sus metas profesionales (...) el deporte sigue siendo un espacio y un ámbito social en el que la identidad y hegemonía masculina se ha vuelto más resistente al cambio, y los medios de comunicación colaboran para que este hecho sea aceptado socialmente, privilegiando los deportes masculinos en la pantalla..."*
9. *A "Encuesta de hábitos deportivos en España 2022" vén confirmar o sinalado ata o de agora: En canto á práctica deportiva di que "Por sexo se observan diferencias que muestran que la práctica deportiva continúa siendo superior en los hombres que en las mujeres independientemente de la frecuencia, situándose en términos anuales en 63,1% y 51,8% respectivamente"; nas modalidades deportivas, "Entre los hombres es mucho más frecuente la práctica de fútbol, ciclismo, pádel, musculación y halterofilia, baloncesto, tenis, o pesca, mientras se observan tasas superiores en las mujeres en cualquier tipo de gimnasia o en natación"; na idade de inicio da práctica, "El factor sexo es determinante en ello, el*



CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*73,5% de los hombres comenzaron a hacer deporte antes de los 15 años frente al 55,3% de las mujeres"; en canto á vinculación con federacións ou entidades deportivas, "... el porcentaje de hombres supera en más del triple al de mujeres, 14,9% frente a 4,6%"; Nas principais motivacións sinálase o seguinte: "Estar en forma sigue siendo el principal motivo manifestado para hacer deporte, 26,3% en el total y en mayor proporción entre las mujeres, 27,9%, frente al 25% observado en los hombres. Le sigue por orden de importancia diversión o entretenimiento con 22,1%, siendo en este caso, el porcentaje registrado entre los hombres bastante superior al manifestado entre las mujeres, 25,4% y 18,2% respectivamente. El tercer motivo en orden de importancia es la salud con 20,1%, presentando las mujeres mayor porcentaje que los hombres, 22,5% y 18% respectivamente. El 14,2% manifiesta como motivo principal la relajación con una mayor proporción para las mujeres, 17,3% frente al 11,4% de los hombres. En el caso de los que manifiestan como motivo principal que les gusta hacer deporte, el porcentaje es superior entre los hombres (...) Entre las principales barreras para la práctica deportiva, los motivos por los que la población no suele hacer deporte o no lo practica con mayor frecuencia, se sitúa en primer lugar la falta de tiempo, 34,6%..."; no acceso a espectáculos deportivos a través de medios audiovisuais, "En la mayor parte de los casos, el 96,5%, la asistencia a espectáculos deportivos a través de medios audiovisuales estuvo relacionado con categoría masculina".*

10. *Por último, segundo datos do IGE, no 2022 de 297.052 persoas federadas en Galicia, só 73.864 eran mulleres. Se filtramos polas actividades que mais homes e mulleres practican, segundo o punto anterior, obtemos que, en fútbol, de 95.421 licenzas, só 7.253 corresponden a mulleres e, por outro lado, no caso da ximnasia, había 2.425 licenzas. Delas, 2.167 eran de mulleres. Tamén é significativo o número de licenzas totais, sendo moi superiores no caso do deporte mais "masculinizado".*



CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2024 13:22:51
Nº Rexistro: 3064
Data envio: 03/05/2024 13:22:51.812

11. *Á vista de todo o anterior e a finalidade da norma a informar, que consiste en "unha reforma que promova e mellore as condicións laborais das deportistas e que contribúa á erradicación de actitudes e comportamentos que perpetúan o sexismo e a LGTBfobia", esta considérase moi positiva desde o punto de vista do impacto de xénero.*
12. *En canto ao contido da proposición de lei, esta introduce de maneira correcta e completa a perspectiva de xénero, non limitándose a declaracións de intencións, senón tratando aspectos necesarios e concretos.*
13. *Como recomendacións de mellora:*
    *- Poderíase incluír en primeiro lugar, que ademais de garantir a introdución do principio de igualdade e equidade en todas as regulamentacións das federacións, se promova que estas conten con protocolos contra o acoso sexual e o acoso por razón de orientación sexual ou identidade ou expresión de xénero.*
    *- En segundo lugar, no artigo 166.4 fálase do Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Dado que no obxecto da modificación proposta tamén figura a erradicación das actitudes e comportamentos que perpetúan a LGBTfobia, recoméndase que nese artigo se inclúa ao Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, no seo do cal existe, neste momento, un Grupo de Traballo de Educación e Deportes.*

*COMPOSICIÓN DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN*

1. *En canto á toma de decisións e a elaboración de estratexias, ven recollida no artigo 5.2 d) do Decreto lexislativo 2/2015.*
2. *No relativo a nomeamentos e designación dos cargos de responsabilidade, estipúlase no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a*



CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*igualdade efectiva de mulleres e homes, na súa disposición derradeira primeira.*

3. *Para a administración galega e o nomeamento de altos cargos, recóllese na Disposición adicional 1.ª da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.*
4. *O artigo 166.2 prevé que a composición da Comisión Galega de Igualdade no Deporte sexa dun mínimo de 50% de mulleres.*

*INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA*

1. *A nivel estatal, cómpre ter en conta o artigo 20 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*
2. *A nivel autonómico, cómpre ter en conta o artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015, a Lei 16/2021, do 17 de xullo, do Plan Galego de Estatística 2022-2026, e a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, no artigo 21.*
3. *O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 recoñece que "…no terreo da información estatística é de xustiza recoñecer a incorporación progresiva da variable sexo a unha parte moi significativa das operacións da comunidade autónoma. Non obstante, aínda non é posible unha desagregación por sexo completa dalgunhas series de datos nas principais producións estatísticas. Ademais, precisaríase ampliar as variables ou dimensións de estudo para a elaboración de indicadores de xénero en ámbitos de interese." Por isto, prevé unha liña de acción destinada á "Realización e difusión de estudos sobre a situación das mulleres e mellora da elaboración e utilización de datos estatísticos e indicadores de xénero.", da que son responsables todos os departamentos da Administración xeral e entes adscritos.*

CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. *No artigo 165 do texto a informar prevese a realización de estudos estatísticos sobre roles, situación económica das mulleres e persoas LGBT no deporte e sobre eventuais agresións e/ou desconsideracións.*
5. *Recoméndase incluír a previsión recollida no artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015, "da totalidade destas estatísticas e investigacións enviaráselle copia ao órgano competente en materia de igualdade".*
6. *O tratamento dos datos da forma sinalada permitirá valorar a posteriori, de maneira real, o impacto de xénero na norma e prever, no seu caso, medidas de acción positiva para corrixir aqueles aspectos que o precisen.*

*O artigo 25.d) do Decreto 123/2022, do 23 de xuño de 2022, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade establece que, baixo a dependencia directa da persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade, o Servizo de Apoio Técnico-Administrativo exercerá, entre outras, a función de emitir informe de impacto de xénero, nos termos establecidos nos artigos 7 e 8 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*

*Visto o anterior INFORMO*

*A Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. Núm. 62695) ten, a priori, impacto de xénero positivo.*

*Como suxestións de mellora:*

1. *Promover para que as federacións, clubs deportivos, etcétera conten con protocolos contra o acoso sexual e o acoso por razón de orientación sexual ou identidade ou expresión de xénero.*



CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. *Contar co Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero da mesma maneira que se conta co Observatorio galego da violencia de xénero.*
3. *Incluír a previsión de remitir á Secretaría Xeral da Igualdade as estatísticas e investigacións realizadas no seo desta norma."*

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Apoio Técnico-Administrativo

María Monteagudo Neira

AGUDO NEIRA, MARIA
o de Apoio Técnico-Administrativo
24 12:04:39

CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2024 13:22:51
Nº Rexistro: 3064
Data envio: 03/05/2024 13:22:51.812

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/05/2024 13:22:51**

CSV: REXISTRO-wpkN6PTBP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 08.07.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.2 Toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a mellora da asistencia primaria no Sistema púbico de saúde de Galicia (doc. núm. 23539, 12/PPL-000006)

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia.**

### Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todas as persoas axentes implicadas no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

A realidade actual na que vive este nivel asistencial quedou en evidencia no afrontamento da pandemia provocada pola COVID, mais os problemas reais veñen dende hai uns anos e a situación actual non fixo máis que deixalos á vista. A atención primaria vive hoxe un momento delicado, con clara necesidade dun cambio de modelos de xestión, baseado na necesidade de comprendela como unha ferramenta non introdutoria ao sistema sanitario, senón como o eixo máis resolutivo dentro do sistema. A súa capilaridade infiltrada no territorio ofrece, ademais, unha oportunidade de reequilibrar as diferencias territoriais e compensar as distintas posibilidades que o sistema sanitario de Galicia ofrece hoxe en función do lugar de residencia.

O sistema de atención primaria afronta diversos problemas estruturais, fundamentados nun concepto excesivamente encorsetado na xestión sanitaria, ademais dunha errática planificación de recursos humanos que deriva nun problema de afianzamento de profesionais nos centros de saúde. Esta situación provoca que existan, hoxe, demoras e listas de espera no ámbito da primaria, tradicionalmente recoñecida pola súa capacidade de resposta rápida.

CSV: REXPG-kQSKc6EKI-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En termos de recursos, materiais pero sobre todo humanos, a competencia en termos de oferta laboral conlevou unha perda de peso específico do sistema en Galicia en favor doutros lugares, tanto noutros países estranxeiros como en comparación con outras comunidades autónomas que apostaron decididamente pola suba de condicións laborais nunha dinámica de mercado. Galicia mantén unha tendencia difícil, froito da inestabilidade do sistema e das difíciles condicións de eventualidade ás que se someten aos e ás profesionais.

Ademais das condicións de recursos resulta necesario redimensionar a importancia da atención primaria. Dentro do propio sistema galego moitos/as profesionais veñen demandando hai tempo unha organización máis eficiente baseada en plasmar a nivel operativo a confianza nos seus e súas profesionais. O concepto da atención primaria como “porta de entrada” do sistema sanitario está superado, e debe ser reformulado na concepción do conxunto do sistema. O aumento e a enorme prevalencia de patoloxías crónicas, combinado co elevado nivel da formación e a diversidade e especificidade dos e das profesionais (tanto as persoas presentes coma as persoas necesarias), permite afrontar eses problemas na atención primaria na súa gran maioría. Pero para elo débese expandir o modelo a un concepto multidisciplinar, coa participación de diversos e diversas profesionais en equipo e a multinivel que permitan optimizar o rendemento e a capacidade resolutiva. De maneira organizativa, precisamos saír dunha atención excesivamente medico-centrista, que fai recaer no facultativo toda a carga de diagnóstico, trámite, xestión de caso, distribución e organización clínica. Debemos conquerir, de maneira real, que a persoa paciente sexa o eixo do sistema e pivotar todo en torno á persoas usuaria. Isto permitirá, en boa medida, camiñar cara un sistema máis áxil que permita desafogar as axendas saturadas e orientar o traballo de cada profesional ao seu propio labor. Máis alá disto, é imprescindible dotar de oportunidades aos e ás profesionais para que desenvolvan todas as súas potencialidades. Para este fin debe dedicarse o esforzo de consolidar a capacidade prescriptiva das profesionais de enfermería,

CSV: REXPG-kQSKc6EKI-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

así como habilitar todas as posibilidades diagnósticas ás persoas facultativas de primaria coa opción de solicitar probas e solicitar probas sen mediacións nin procedementos que resten autonomía.

A situación actual provoca saturacións no plano asistencial en atención primaria, aumentado pola lenta progresión na recuperación actual dos volumes de presencia que o sistema pode asumir como razoables e eficientes. Estas saturacións dificultan a capacidade resolutiva da primaria e terminan por concluír en acumulacións de esperas en centros hospitalarios para ser atendidos/as por especialistas, demoras nas citas de atención primaria, e saturacións dos servizos de urxencias, tanto nos Puntos de Atención Continuada como nas urxencias hospitalarias, que desbordan a súa capacidade asistencia froito dun sistema que arrastra estes problemas. Este estrés sistémico vén facendo perder capacidade de resposta ante o e a usuaria do sistema, provocando unha perda de calidade que o noso sistema de saúde debe reconducir.

Con estes obxectivos preséntanse as modificacións legais nesta proposición que afrontan cambios en dúas leis autonómicas. Por un lado proponse a modificación da Lei 12/2013, de 9 de decembro, de garantías e prestacións sanitarias, a través do que se pretende ampliar as garantías que se pretenden ofrecer en tempos de espera para a atención primaria, equiparando o obxectivo co xa recollido normativamente para a atención hospitalaria. Esta garantía existe ao determinar lexislativamente a necesidade de contar con baremos de referencia sobre o volume de consultas máximas dos e das profesionais, para encamiñar a vía de resolución ao dotar de máis tempo para dedicar ao traballo coas persoas usuarias do sistema, así como instrumentalizar esta garantía como sistema de avaliación das prioridades de reforzo de persoal. Ademais, preténdese dotar aos e ás profesionais facultativas de maiores ferramentas clínicas, coa vinculación explícita da rutineira renovación do catálogo diagnóstico de probas que se permitan solicitar dende atención primaria, retirando barreiras de limitacións e controis

CSV: REXPG-kQSKc6EKI-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sobre as posibilidades que os facultativos/as de primaria teñen agora con respecto a outros niveis da Administración.

A presente proposta de modificación de lei formula tamén os cambios precisos na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia orientados a establecer legalmente determinadas garantías laborais para os e as profesionais, o que garantirá máis estabilidade e mellores condicións para fortalecer a calidade asistencial, toda vez que aínda non está desenvolto por lei o Estatuto xurídico dos empregados ou das empregadas públicas de saúde, de acordo co recollido no artigo 109 desta propia norma o que, por tanto, provoca unha incerteza e desorganización preocupante. Ademais, esta modificación de lei tamén pretende dotar de maior relevancia na estrutura organizativa da Consellería de Sanidade á atención primaria, introducindo o concepto de equilibrio entre os distintos niveis asistenciais do sistema, que na actualidade reduce a presenza e impacto da atención primaria nos eixos de decisión. Esta dotación de relevancia contribuirá a aumentar o peso da atención primaria nos espazos de dirección, o que debe traducirse nunha mellor e máis reforzada calidade do sistema.

**Artigo 1.-** Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.

**Un.-** Engádese un novo parágrafo no apartado 1º do artigo 5, coa seguinte redacción:
"d) As persoas pacientes que requiran atención sanitaria na rede de atención primaria terán garantida a dispoñibilidade desa atención no tempo máximo de 2 días."

**Dous.-** Engádese un novo parágrafo no apartado 4 do artigo 7, coa seguinte redacción:

"3*bis*. Este criterio non poderá ser aplicado sobre o tempo máximo de atención

CSV: REXPG-kQSKc6EKI-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

establecido para os servizos de atención primaria. A existencia de incumprimentos repetidos do artigo 5.1d nun mesmo centro de saúde motivará a súa condición de centro prioritario de reforzo de persoal, que o Servizo Galego de Saúde asumirá coa maior inmediatez."

**Tres.-** Modifícase o punto 1 do artigo 14, quedando coa seguinte redacción:
"1. O Servizo Galego de Saúde establecerá, para os servizos de atención primaria, un número diario máximo de consultas e outros procesos asistenciais para cada profesional e categoría, e tomará as medidas necesarias de dotación de recursos humanos para garantir que se cumpran."

**Catro.-** Engádese un novo apartado no artigo 14 coa seguinte redacción:

"4. A consellería competente en materia de sanidade aprobará un catálogo de probas diagnósticas que poderán ser demandadas, sen solicitude intermedia doutros/as profesionais, por facultativos/as de atención primaria. Anualmente, a consellería competente en materia de sanidade revisará o catálogo para adecualo ás necesidades percibidas e en consonancia coas melloras tecnolóxicas e a eficiencia asistencial."

**Cinco.-** Modifícase a disposición derradeira primeira, quedando coa seguinte redacción:

"Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para adaptar mediante decreto, por proposta da persoa titular da consellaría con competencias en materia de sanidade, os tempos máximos de acceso que se establecen no artigo 5 co fin de adecualos á realidade sanitaria de cada momento e ás necesidades das persoas usuarias, baixo circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas."

CSV: REXPG-kQSKc6EKI-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 2.-** Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

**Un.-** Modifícase o punto 3 do artigo 97 , quedando coa seguinte redacción:

"3. Estas fórmulas organizativas tenderán a superar a compartimentación existente, equilibrando a relación entre os distintos niveis asistenciais e ámbitos de especialización, garantindo tanto a visión do eido hospitalario como a de atención primaria nos equipos dos diferentes órganos de Dirección do Servizo Galego de Saúde."

**Dous.-** Engádese un novo parágrafo no artigo 114, coa seguinte redacción:

"2*bis*. A consellería competente en materia de sanidade determinará, con criterios obxectivos e previamente definidos, o cadro necesario de persoal para os Puntos de Atención Continuada que garanta a prestacións das funcións que teñen atribuídas. A unidade asistencial conformarase polo equipo completo de persoal facultativo máis o persoal de enfermería.

Estes criterios obxectivos recollerán, cando menos, a poboación cuberta, a súa distribución por idades ou a distancia aos servizos de atención hospitalaria."

**Tres.-** Engádese un novo parágrafo no artigo 115, coa seguinte redacción:

"2*bis*. A utilización da figura do contrato de persoal estatutario temporal realizarase co fin de garantir a prestación de servizos sanitarios en plena capacidade asistencial, sen exceder a súa utilización para outras funcións de carácter estrutural. En todo caso, procurarase acadar a maior estabilidade posible nos procedementos de contratación de persoal temporal no marco da normativa aplicable.

CSV: REXPG-kQSKc6EKI-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2025 13:45:05
Nº Rexistro: 23539
Data envío: 07/04/2025 13:45:05.451

**Disposición adicional única**.- Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

**Disposición transitoria primeira.-**

A Xunta de Galicia desenvolverá regulamentariamente o establecido no artigo 1, apartado dous e no artigo 2, apartado un desta lei no prazo máximo de doce meses, co fin de garantir o seu cumprimento efectivo.

**Disposición transitoria segunda.-**

A Xunta de Galicia desenvolverá regulamentariamente o establecido no artigo 1, apartados un e tres desta lei no prazo máximo de seis meses, co fin de garantir o seu cumprimento efectivo.

**Disposición derrogatoria única**.- Derrogación normativa

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan no disposto nesta lei.

CSV: REXPG-kQSKc6EKI-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## ANTECEDENTES

- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.
- Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde.
- Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.
- Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 7 de abril do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 07/04/2025 13:43:02**

CSV: REXPG-kQSKc6EKI-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 11:15:08
Nº Rexistro: 25241
Data envio: 09/05/2025 11:15:08.597
Data 09/05/2025 11:15

En resposta a escrito dese Parlamento, achégolle copia do informe de impacto de xénero emitido pola Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, relativo á **proposición de lei para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia,** formulada polo grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. **23539).**

Deste xeito dáse cumprimento ao preceptuado no artigo artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sandra Vázquez Domínguez

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**

CSV: REXPG-P1ZI12C93-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/05/2025 11:15:02

**INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO Á PROPOSICIÓN DE LEI PARA A MELLORA DA ASISTENCIA PRIMARIA NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA, (DOC. NÚM.23539)**

**Solicitante**: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes – Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
**Expediente:** 30/2025

**FEITOS**

1. O 7 de abril do 2025, a Mesa do Parlamento de Galicia acorda dispoñer o traslado da proposición de lei para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia, (doc. Núm.23539), formulada polo Grupo Parlamentario socialista.
2. O 9 de abril do 2025 a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias remite a solicitude de informe sinalada no parágrafo anterior a esta Dirección Xeral.
3. Segundo a exposición de motivos o cambio de modelos de xestión permitirá un sistema mais resolutivo, e unha oportunidade para reequilibrar as diferenzas territoriais. A proposta incide nos seguintes aspectos:

- Facer uso do elevado nivel de formación , diversidade e especificidade dos e das profesionais.
- Atención as patoloxías crónicas.
- Equipos multidisciplinares.
- Eliminación atención médico.centrista.
- Capacidade prescriptiva de profesionais de enfermería.
- Habilitar todas as posibilidades diagnósticas a facultativos/as de atención primaria.
- Establecer tempos de espera para atención primaria-2 días-.

Dirección Xeral de Promoción da Igualdade
Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade
Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
☎ 881 99 50 44
xestión.igualdade@xunta.gal

CSV: REXPG-P1ZI12C93-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Establecer baremos de referencia sobre consultas máximas por profesionais.
- Modificar o sistema de prioridades de reforzo de persoal, no caso de incumprimento repetidos dos tempos de espera será centro prioritario de reforzo de persoal.
- Dotar de maiores ferramentas clínicas, con vinculación a un catálogo diagnóstico de probas renovado e retirando barreiras de limitacións e controis para a súa xestión.
- Revisión anual do catálogo atendendo ás necesidade percibidas e en consonancia coas melloras tecnolóxicas e eficiencia asistencial.
- PAC con cadros de persoal que garanta a prestacións das funcións atribuídas, integrando na unidade asistencial o equipo completo de persoal facultativo e persoal de enfermería. Atendendo a poboación cuberta, a súa distribución por idades e distancia aos servizos de atención hospitalaria.
- Reservar o contrato de persoal estatutario temporal para garantir a prestación de servizos sanitarios en plena capacidade asistencial, sen atender a funcións de carácter estrutural.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Este informe se emite de acordo co previsto no artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (en adiante, Lei 7/2023),
2. A nivel estatal compre ter en conta, para o caso concreto, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, que establece; a integración activa do principio de igualdade de mulleres e homes (artigo 3); igual dereito a saúde (artigo 6.2); a protección contra discriminacións por razón de sexo ou orientación sexual (artigo 10); actuacións da administración para identificar a violencia de xénero e tratamento de datos con análise de xénero, educación diferenciada sobre riscos, características e necesidades de mulleres e homes, formación contra a discriminación ds mulleres; prestación de produtos terapéuticos ante situacións



CSV: REXPG-P1Zl12C93-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 11:15:08
Nº Rexistro: 25241
Data envio: 09/05/2025 11:15:08.597



diferenciadas das mulleres e os homes; investigacións científicas en clave de xénero (artigo 18.

3. O obxecto da proposición de lei é a modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, e da lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia no sentido indicado no punto terceiro dos feitos.
4. Á vista do contido do texto, vaise analizar neste informe a incorporación da perspectiva de xénero, o principio de composición equilibrada, o xénero na actividade estatística e o uso dunha linguaxe non sexista no mesmo.

INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

1. A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece no seu artigo 27 a integración igualdade de trato e de oportunidades na saúde, e para o emprego público nos artigos 58 e seguintes unha serie de dereitos no emprego público vinculados ao embarazo, lactancia etc.
2. Neste ámbito cómpre ter en conta a Lei Orgánica 2/2024, de 1 de agosto, de representación paritaria y presenza equilibrada de mulleres e homes, que como indica no seu preámbulo "*introduce substanciais modificacións no noso ordenamento xurídico co fin de afondar nesa realización efectiva da igualdade de mulleres e homes, esencialmente nos ámbitos decisorios da vida política e económica*". Esta lei, no ámbito da saúde modifica tanto o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, como o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
3. A Lei 7/2023, no Título I, Capítulo III articula en cinco artigos o dereito a saúde en igualdade de mulleres e homes centrándose nas políticas de saúde, actuacións específicas, o exercicio transversal das funcións de inspección sanitaria, a prestación de servizos obstétricos e xinecolóxicos adecuados e a rede de apoio á muller embarazada.



CSV: REXPG-P1ZI12C93-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia recolle; no artigo 4 a consideración de titular de dereito á protección á saúde e atención sanitaria a calquera muller xestante e menor con independencia da súa residencia; no artigo 7 dereitos durante o parto; O artigo 12 recolle especificamente dereitos das xestantes, das mulleres que desexen a interrupción do embarazo e para as vítimas de violencia de xénero; no artigo 50 recolle que corresponde ao catálogo de servizos de atención primaria as atencións e servizos específicos relativos a programas integrais de atención a grupos específicos de poboación: atención á muller e persoas anciás, así como os referidos no artigo 14.º desta lei que se ocupa dos dereitos de grupos especiais entre os que destacan as vítimas de violencia de xénero; no artigo 125 recolle que os plans de formación do persoal terán módulo de igualdade no que farase referencia á violencia de xénero. Finalmente as vítimas de violencia de xénero empregadas do Sistema Público de Saúde terán dereitos específicos propios polo artigo 115.
5. Hai que ter en conta que o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG) , tal como recolle o tomo II do mesmo "está aliñado co principio de transversalidade da perspectiva de xénero recollido no VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, xa que ten entre os seus fins o de impulsar e fortalecer a consideración da igualdade de xénero e a non discriminación como elementos horizontais e transversais en todas as políticas e accións da administración pública galega e, polo tanto, non abordar este tema unicamente baixo un enfoque de accións directas e específicas."
6. Neste sentido o VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 ten moitas especificacións tanto para a atención da saúde laboral, como a saúde no benestar e calidade de vida feminina, a educación en igualdade e prevención de violencias contra as mulleres, as políticas sectoriais de benestar, cohesión social e reto demográfico, a intervención para a erradicación da violencia de xénero e a trata con fins de explotación sexual con especificación para o rural, por establecer os puntos mais sobresaíntes.
7. Dado que as Leis 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia e, 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias son anteriores á publicación da



CSV: REXPG-P1Zl12C93-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lei 7/2023, as únicas mencións a igualdade foron introducidas en relación á primeira das normas a través das modificacións legais pola lei 10/2023, do 28 de decembro (Ref. BOE-A-2024-2777), pola Lei 5/2024, de 27 de decembro (Ref. BOE-A-2025-2145), e pola Sentenza 136/2024, de 5 de novembro (Ref. BOE-A-2024-25519) e que incorporan á norma de 2008 a composición equilibrada prevista na lexislación de igualdade.

8. Recomendacións relativas á modificación lexislativa:

- En relación á Lei 12/2013, do 9 de decembro, recoméndase ter en conta que tanto para a xestión dos centros de atención primaria e PAC, como para o calculo e organización dos tempos de atención á pacientes e o numero de consultas ou procesos asistenciais para cada profesional e categorías, así como para a fixación do catálogo de probas diagnósticas e súas revisións, e demais cambios na xestión sanitaria que poidan ser modificadas, terán que atender a:

  - Existencia de aspectos diferenciais pola natureza biolóxica, psicolóxica, cultural e social e de saúde de mulleres e homes.

  -Fomento de estilos de vida que contribúan ao benestar físico, emocional e social dentro da participación activa no autocoidado das persoas.

  - Existencia de especificidades propias derivadas das situacións de violencia de xénero, de acoso sexual ou por razón de sexo; a situación das mulleres adolescentes e mulleres con discapacidade na esfera da saúde sexual e xénésica, a situación das mulleres embarazadas, ou a interrupción do embarazo etc.

- En relación á Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde pública, vese afectada polas modificacións do Estatuto do Traballo, e do Estatuto do Empregado público dos anos 2024 e 2025 coa publicación as Leis 6/2024, do 20 de decembro (Ref. BOE-A-2024-26693) e sobre todo a Lei Orgánica 2/2024, de 1 de agosto de representación paritaria (Ref. BOE-A-2024-15936) e que melloran os dereitos do persoal estatutario, e afectan a contratación de persoal estatutario temporal.

- Ademais en relación á Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde pública, e vista a Lei 7/2023 galega recoméndase incorporar ao artigo 2. dous da proposta que os



CSV: REXPG-P1Zl12C93-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

criterios obxectivos tamén recollan, *"…o sexo das persoas e as diferencias derivadas do ciclo vital ou situacións de violencia sofridas polas mulleres, …"*

9. En todo caso, con carácter xeral, para ambas normas é recomendable que nos tempos de atención aos pacientes, se teñan en conta as obrigas de xestión administrativa do persoal sanitario ou outras xestións derivadas da labor asistencial, para garantir o correcto servizo sanitario tanto na atención primaria como nos PAC.

PREVISIÓNS RELATIVAS AO CUMPRIMENTO DA COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN

1. Os artigos 14 e 15 da Lei 7/2023 recollen a aplicación do principio de presenza ou composición equilibrada. O capítulo I enumera como criterio de actuación dos poderes públicos de Galicia participación equilibrada dos sexos na toma de decisións e o apoderamento das mulleres.
2. A lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias non recolle previsións directas sobre a necesidade de composición equilibrada ao non establecer órganos de xestión dos dereitos e obrigas previstos na norma.
3. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia recolle a composición equilibrada, no artigo 23 para os órganos de participación social; no artigo 24 para outros órganos de participación e consulta para ámbitos concretos; no artigo 26 para órganos de participación comunitaria a outros niveis territoriais e funcionais do Sistema Público de Saúde de Galicia; no artigo 26 bis para consellos asesores de pacientes; no artigo 28 para o Foro de Participación Institucional de Sanidade; no artigo 78 para o Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia; e no artigo 139 para a Comisión Interdepartamental en Materia de Educación y Saúde.
4. A Lei Orgánica 2/2024, de 1 de agosto, de representación paritaria y presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo indica o preámbulo "introduce substanciais modificacións no noso ordenamento xurídico co fin de afondar nesa realización efectiva da igualdade de mulleres e homes, esencialmente nos ámbitos decisorios da vida política e económica" que convén ter en consideración.



CSV: REXPG-P1ZI12C93-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5. O Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, non fai previsións específicas sobre a composición paritaria.
6. Esta proposición establece no artigo 2-Un o equilibrio entre os distintos niveis asistenciais e ámbitos de especialización que garanta a visión do eido hospitalario e de atención primaria "nos equipos dos diferentes órganos de Dirección do Servizo Galego de Saúde"
7. O principio de presenza ou composición equilibrada inflúe directamente na participación equilibrada dos sexos na toma de decisións e no apoderamento das mulleres.
8. Por todo isto recoméndase que a proposición recolla que ademais do equilibrio entre os distintos niveis asistencias e ámbitos de especialización, que sempre quede garantido nos diferentes órganos de Dirección do Servizo Galego de Saúde a composición equilibrada en función do xénero de acordo coas previsións legais vixentes.

INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA

1. O artigo 27 da Lei 7/2023 regula a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística do sector público galego.
2. Neste ámbito, o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, ademais dos indicadores sinalados anteriormente neste informe, recoñece que aínda están sen desagregar series de datos nas principais producións estatísticas, e que é preciso *"ampliar as variables ou dimensións de estudo para a elaboración de indicadores de xénero en ámbitos de interese."* Por isto, prevé unha liña de acción destinada á "*Realización e difusión de estudos sobre a situación das mulleres e mellora da elaboración e utilización de datos estatísticos e indicadores de xénero*", da que son responsable todos os departamentos da Administración xeral e entes adscritos.



CSV: REXPG-P1Zl12C93-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 11:15:08
Nº Rexistro: 25241
Data envio: 09/05/2025 11:15:08.597



3. Recoméndase que na proposición sexa indicado que as estatísticas elaboradas para o seguimento das garantías e a actividade do persoal sanitario se teñan en conta para as persoas pacientes, e o persoal dos centros de atención primaria e PAC información do sexo, e idade, así como dos estados peculiares propios das mulleres como embarazo, lactación, interrupción do embarazo, menopausa, etc.
4. Recordase que o artigo 27 establece a obriga de dar conta de "*todas as estatísticas e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero … ao órgano competente en materia de igualdade*". Desta forma, poderase facer unha análise real da avaliación dos resultados do impacto de xénero e introducir, no seu caso, medidas correctivas axeitadas en futuras normas.

UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

1. O tratamento da linguaxe lexíslase na Lei 7/2023, Capítulo II, Título II (artigos 31 a 34)
2. O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.
3. O artigo 32 da Lei 7/2023 esixe que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico de Galicia erradiquen, en todas as formas de expresión oral ou escrita, o uso sexista da linguaxe.
4. Na proposición de lei utilízase unha linguaxe correcta, o que merece valoración positiva, sendo, tan so, necesario revisar as seguintes cuestións:
   Na exposición de motivos.

- Uso exclusivo do masculino no parágrafo 1 "os propios profesionais"
- Uso exclusivo do feminino no parágrafo 5 "das profesionais de enfermería"



CSV: REXPG-P1Zl12C93-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 11:15:08
Nº Rexistro: 25241
Data envio: 09/05/2025 11:15:08.597

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Segundo o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, será a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, o órgano competente para emitir informe de impacto de xénero.
De acordo con todo o indicado, INFORMO:

Que esta Proposición de lei para a mellora da asistencia primaria no Sistema público de saúde de Galicia, (doc. Núm.23539), non identifica as peculiaridades propias e diferenciais, que existen entre a asistencia sanitaria primaria e nos PAC, de homes e mulleres no ámbito da saúde previstas na Lei 7/2023. Polo que para o caso de que fora aprobada recomendase:

1. Incorporar valoracións específicas de xénero para adecuar o número de atencións diarias de consultas e outros procesos asistenciais.
2. Ter en conta no catalogo de probas diagnósticas aquelas especificidades relacionadas coas diferenzas biolóxicas e físicas.
3. Incorporar estatísticas e indicadores de xénero no seguimento das accións.
4. Engadir para os artigos 1 e 2 o seguinte texto: "*introdúcense modificacións na Lei....* que aplicarán a transversalidade de xénero, previsto para o ámbito sanitario, no capítulo III do Título II da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes."

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

| | |
|---|---|
| A subdirectora xeral de Promoción da Igualdade | A directora xeral de Promoción da Igualdade |
| Concepción Pereira Otero | María Quintina Pérez |

Asinado por: MARIA QUINTIANA PEREZ
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 08/05/2025 08:41:28
A OTERO, CONCEPCION
25 08:39:49
CSV: REXPG-P1Zi12C93-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 11:15:08
Nº Rexistro: 25241
Data envio: 09/05/2025 11:15:08.597

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/05/2025 11:15:08

CSV: REXPG-P1ZI12C93-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 08.07.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3. Comparecencia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 08.07.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.1 28052(12/CPP-000055)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, por petición propia, para informar sobre a planificación e os últimos avances na xestión e ordenación do litoral

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 28052
Data envío: 30/06/2025 19:40:25.714
Data 30/06/2025 19:40

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**OFICIO**

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, para **informar sobre a planificación e os últimos avances na xestión e ordenación do litoral.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REXPG-HJi4hVUi6-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 30/06/2025 19:40:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2025 09:30:00
**Nº Rexistro: 28052**
Data envio: 30/06/2025 19:40:25.714

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/06/2025 19:40:24**

CSV: REXPG-HJl4hVUl6-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 08.07.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4. Mocións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 08.07.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.1 28005(12/MOC-000071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 21722, publicada no BOPG núm. 175f1, do 19 de marzo de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 12:28:17
Nº Rexistro: 28005
Data envío: 27/06/2025 12:28:17.315

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 25 de xuño, sobre o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (doc. núm **21722**, [**12/INT-000872**]).

**Moción**

"No marco das negociacións abertas coa FEGAMP sobre o futuro do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), o Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar, entre outras, as seguintes medidas:

1. No inmediato, incrementar a achega orzamentaria da Xunta ao financiamento do SAF até os 17 euros a hora con carácter retroactivo, isto é, desde o 1 de xaneiro de 2025 para aumentar progresivamente esa contía até alcanzar os 20 euros a hora en 2027.

2. Introducir as mudanzas que sexan necesarias no método de cálculo do prezo/hora actualmente en vigor para que permita a cobertura dos custes laborais do persoal administrativo e do traballo social necesarios para o funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar.

3. Comprometerse a que o 100% do custe do SAF sexa asumido, tal e como estabelece a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía

CSV: REXPG-G2pfBEUI0-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 12:28:17
Nº Rexistro: 28005
Data envío: 27/06/2025 12:28:17.315

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, conxuntamente pola Xunta e o Estado. Para tal fin, a Cámara insta a Xunta a dirixirse ao Goberno español para lle reclamar o incremento da súa achega así como o pagamento da débeda histórica adquirida con Galiza desde a entrada en vigor da lei.”

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: REXPG-G2pfBEUI0-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 12:28:17
Nº Rexistro: 28005
Data envío: 27/06/2025 12:28:17.315

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2025 12:27:58

CSV: REXPG-G2pfBEUI0-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 12:28:17
Nº Rexistro: 28005
Data envío: 27/06/2025 12:28:17.315

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/06/2025 12:28:18**

CSV: REXPG-G2pfBEUI0-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 08.07.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.2 28006(12/MOC-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26011, publicada no BOPG núm. 203f2, do 28 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 12:47:15
Nº Rexistro: 28006
Data envio: 27/06/2025 12:47:15.314

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 25 de xuño, sobre a planificación que está a desenvolver o Sergas para manter a calidade da atención sanitaria no verán (doc. núm **26011**, [**12/INT-001008**]).

**Moción**

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Garantir a accesibilidade á atención primaria, coa substitución dos e das profesionais e co reforzo nos centros de saúde e PACs das zonas con maior aumento poboacional durante o verán.

2.- Rematar coa política de precariedade e explotación na contratación, poñendo en marcha un plan de captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais.

3.- Realizar os contratos pola causalidade que os orixina e por todo o tempo da mesma.

4.- Non pechar unidades de hospitalización e ter operativos todos os recursos: camas, quirófanos, probas diagnósticas..durante o verán e realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao peche de

CSV: REXPG-1Ng9wFxbP-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

camas, diminución de actividade nos quirófanos e probas diagnósticas nos centros hospitalarios.

5.- Reforzar con outra ambulancia medicalizada, SVA, na época estival, as zonas de alta afluencia de visitantes de Sanxenxo e O Grove.

6.- Obrigar á empresa Eliance a ter operativo o helicóptero de emerxencias sanitarias do 061 de orto a ocaso.

7.- Garantir a atención nos centros de saúde por parte dun pediatra especialista para todos os nenos e nenas que o precisaren.”

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXPG-1Ng9wFxbP-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 12:47:15
**Nº Rexistro: 28006**
Data envío: 27/06/2025 12:47:15.314

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2025 12:46:34**
**Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2025 12:46:43**

CSV: REXPG-1Ng9wFxbP-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 12:47:15
**Nº Rexistro: 28006**
Data envío: 27/06/2025 12:47:15.314

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/06/2025 12:47:15**

CSV: REXPG-1Ng9wFxbP-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 08.07.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3    28007(12/MOC-000073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26145, publicada no BOPG núm. 203f2, do 28 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 24 de xuño de 2025.)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 13:05:24
Nº Rexistro: 28007
Data envío: 27/06/2025 13:05:24.327

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada **Silvia Longueira Castro**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 24 e 25 de xuño do 2025, sobre a avaliación das políticas de impulso demográfico que desenvolve o Goberno galego (12/INT-001018, doc. núm. 26145).

### Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar ante esta Cámara galega nos próximos 3 meses un informe de avaliación das medidas levadas a cabo polas distintas consellerías con motivo de frear a desertización no rural.
2. Realizar a través da Consellería de Política Social e Igualdade un plan estratéxico que cuantifique e marque un cronograma das medidas coas que pensa frear a desertización no rural.
3. Presentar un cronograma sobre a planificación que pensa realizar a Consellería de Asuntos Sociais, en coordinación cos Concellos, para dar resposta as necesidades futuras das máis de 700.000 persoas que a día de hoxe son maiores de 65 anos.

Santiago de Compostela, 27 de xuño do 2025

CSV: REXPG-w5WI7nMWI-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 13:05:24
Nº Rexistro: 28007
Data envío: 27/06/2025 13:05:24.327

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 27/06/2025 13:02:48**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 27/06/2025 13:02:56**

CSV: REXPG-w5WI7nMWI-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2025 13:05:24
Nº Rexistro: 28007
Data envío: 27/06/2025 13:05:24.327

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/06/2025 13:05:25**

CSV: REXPG-w5Wl7nMWI-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 08.07.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5. Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 08.07.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 8119(12/PNP-000744)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que avance nas súas políticas en materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática, segundo as recomendacións do Consello de Contas

*Publicación da iniciativa, 68, 21.08.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2024 13:15:13
Nº Rexistro: 8119
Data envío: 29/07/2024 13:15:13.018



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia defende a máxima esixencia política e democrática como parte dunha oposición útil e responsable. Unha esixencia onde principios como a transparencia, a integridade e a rendición de contas, a participación cidadá, a responsabilidade e o respecto aos principios da democracia sexan os comportamentos que guíen a acción política e institucional en Galicia, a fin de alcanzar o nivel que teñen as sociedades máis desenvolvidas da nosa contorna política e cultural.

Unha liña de acción política prioritaria dos socialistas nesta lexislatura - e sobre a que insistiremos todos os días en traer a axenda do Parlamento galego - é a do impulso pola rexeneración democrática, a transparencia e a integridade pública, que é unha sinatura pendente do Goberno galego do Partido Popular de Galicia logo de quince anos.

A Xunta de Galicia atópase á cola de España en materia de transparencia e calidade de goberno, segundo o último Informe de Cohesión Económica, Social e Territorial elaborado pola UE.  O Executivo galego suspende no exame da UE sobre a calidade, transparencia no Goberno galego. Así, se desprende do noveno Informe de Cohesión Económica, Social e Territorial da Unión Europea, no que se introduce unha avaliación sobre a calidade de goberno no nivel subestatal europeo realizado desde 2010 pola Universidade de Gotemburgo.

CSV: REXISTRO-llxl1uyu9-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Trátase do Índice Europeo de Calidade de Goberno (EQI, polas súas siglas en inglés) que permite valorar a imparcialidade, eficiencia e ausencia de corrupción nas rexións europeas.

Por outra banda, a Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, atribuíu ao Consello de Contas a competencia de colaborar coas entidades do sector público no deseño e implantación de sistemas de prevención da corrupción e na avaliación dos plans de prevención de riscos que se adopten neste ámbito.

No derradeiro traballo realizado a iniciativa do Consello de Contas aprobado o 10 de maio de 2023, que completa o proceso iniciado co diagnóstico de 2018, avaliase os avances do Sector público autonómico no conxunto de estratexias para mellorar os sistemas de prevención de riscos da corrupción no Goberno galego e fanse unha serie de recomendacións, que a día de hoxe, moitas das recomendacións non foron seguidas pola Xunta de Galicia.

O Goberno galego debe dar un paso decisivo en promover unha estratexia en materia de Integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno sobre os avances do Goberno galego en materia de transparencia e integridade institucional, segundo as recomendacións feitas polo Consello de Contas de Galicia neste eido:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que avance nas súas políticas en materia de materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática. De forma particular se adoiten as seguintes medidas:

CSV: REXISTRO-llxl1uyu9-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Dar un paso adiante e decidido nas políticas de Integridade Institucional, Transparencia, Participación da cidadanía e de Prevención da corrupción.
2. Aprobar unha normativa autonómica específica en materia de Integridade institucional e Administración aberta para completar a regulación dos conflitos de intereses, o procedemento a supervisión dos mesmos, a regulación das portas xiratorias, os plans de prevención da corrupción, así como a regulación dos grupos de intereses (lobbies).

Santiago de Compostela, 29 de xullo do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 29/07/2024 13:10:46**

**Paloma Castro Rey na data 29/07/2024 13:10:54**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 29/07/2024 13:11:00**

CSV: REXISTRO-llxl1uyu9-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 08.07.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 14998(12/PNP-001272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

*Publicación da iniciativa, 127, 04.12.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2024 10:51:30
Nº Rexistro: 14998
Data envío: 27/11/2024 10:51:30.407



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

As políticas públicas de memoria democrática son un instrumento chave para promover a defensa dos dereitos humanos e da democracia, creando condicións de pedagoxía social que se constitúan en garantías de non repetición.

Aprobada en outubro de 2022, a Lei de memoria democrática é vehículo fundamental para fomentar o coñecemento das etapas democráticas da historia de España e de Galicia e manter a memoria das vítimas do Golpe militar, da Guerra e a Ditadura franquista a través de iniciativas como a retirada dos símbolos desta e a creación dun Censo de Vítimas co obxectivo de rehabilitar a súa memoria e reparar os danos causados.

Esta lei fundaméntase nos principios de verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición, acuñados polos organismos internacionais dos dereitos humanos, así como nos valores democráticos de concordia, convivencia, pluralismo político, defensa dos dereitos humanos, cultura de paz e igualdade entre homes e mulleres. A Lei de memoria democrática vai destinada a toda a sociedade en xeral e, particularmente, a todas as vítimas que sufriron dano físico, moral, psicolóxico ou patrimonial, ou viron menoscabados os seus dereitos fundamentais, como consecuencia de violacións das normas internacionais de dereitos humanos e do dereito internacional humanitario durante o período que abarca o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, a

CSV: REXISTRO-WTeQ93LFC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posterior guerra e a ditadura, incluíndo o transcorrido ata a entrada en vigor da Constitución de 1978.

Neste sentido é imprescindible que os poderes públicos a través das administracións Estatal, Autonómica e Local leven a cabo políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria democrática, desenvolvendo as accións precisas de recoñecemento e reparación ás vítimas e establecendo accións pedagóxicas encamiñadas ao coñecemento de feitos pasados co obxectivo da non repetición.

Desde a óptica de facilitar a participación da cidadanía, a través dos seus representantes democraticamente designados, na vida política, económica, cultural e social de Galicia, faise necesaria a constitución do Consello da Memoria Democrática de Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a constituír, de forma consensuada cos grupos políticos con representación parlamentaria, o Consello da Memoria Democrática de Galicia, como un órgano colexiado, permanente, de participación e de carácter técnico e consultivo, con representación plural da Comunidade, adscrito á Consellería da Presidencia (ou a aquela competente en Memoria Democrática) para o asesoramento, a información, o debate, o estudo e as propostas na defensa e promoción dos dereitos humanos, ao redor da recuperación da memoria democrática e a súa difusión e o recoñecemento institucional e social das persoas asasinadas, desaparecidas, perseguidas e represaliadas durante o Golpe militar, a Guerra e a Ditadura Franquista, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CSV: REXISTRO-WTeQ93LFC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

Santiago de Compostela, 27 de noviembre de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 27/11/2024 10:49:58**

**Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2024 10:50:13**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2024 10:50:29**

CSV: REXISTRO-WTeQ93LFC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 08.07.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.3 27318(12/PNP-002206)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público (EEIP)

*Publicación da iniciativa, 211f1, 18.06.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 13:01:19
Nº Rexistro: 27318
Data envío: 12/06/2025 13:01:19.230

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Borja Verea Fraiz, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde e Miguel Ángel Viso Diéguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

**Exposición de Motivos**

O Camiño de Santiago constitúe unha das expresións máis senlleiras do patrimonio cultural, espiritual e turístico de Europa, recoñecido pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade e pola propia Unión Europea como primeiro Itinerario Cultural Europeo. Os anos santos xacobeos, representan unha oportunidade histórica para a proxección internacional da nosa comunidade, así como para o fortalecemento da Marca España e Marca Galicia a través dun turismo de valores, sostible e ligado á identidade cultural.

Nos últimos anos, Galicia consolidouse como referente do turismo espiritual e de peregrinación grazas á aposta institucional polo Camiño de Santiago e polos distintos roteiros xacobeos. O éxito do Xacobeo 21-22, ampliado pola pandemia, demostrou a capacidade mobilizadora deste evento, xerando beneficios económicos, sociais e culturais, non só en Galicia, senón tamén noutras comunidades polas que discorren os diferentes camiños.

Neste contexto, resulta esencial anticipar a planificación do próximo ciclo xacobeo 2027-2032, para o cal é imprescindible a declaración do Xacobeo 2027 como Evento de Excepcional Interese Público (AEIP). Esta figura supón unha ferramenta clave para o financiamento público-privado e para a difusión nacional e internacional do evento. A súa solicitude xa conta co respaldo da Comisión Executiva do Consello Xacobeo e o visto bo do Ministerio de Cultura, así como coa unanimidade do Parlamento de Galicia.
